

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 24 DE MAIO DE 2012,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Proxecto de Lei de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade de dous restos da estrada autonómica AC-444, que se atopan no núcleo de Nantón e na zona urbana de San Vincenzo da Baña, a prol do Concello da Baña.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se establece e regula o sistema de información sobre o consumo de bebidas alcohólicas por parte dos menores.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de colaboración entre a Axencia Galega de Emerxencias e a Cruz Vermella española sobre comunicación bilateral, información recíproca e elaboración de protocolos de actuación conxunta en materia de emerxencias e protección cidadá.
- Acordo polo que se constitúe a Comisión Mixta, prevista no artigo 182 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, para a fixación dos termos de delegación de competencias da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural no Concello de Santiago de Compostela relativas á autorización de proxectos no denominado perímetro azul do concello.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o expediente de financiamento da infraestrutura pública de carácter hidráulico, para a execución da obra de mellora da rede de saneamento en Cuntis (Pontevedra), clave OH.336.1010, por importe de un millón trescentos trinta e oito mil cincocentos catro euros con dezasete céntimos (1.338.504,17 euros).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto do parque eólico Cordal de Montouto -concellos de Guitiriz (Lugo) e Aranga (A Coruña)-, como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal de acordo co previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela e Vigo para complementar as axudas aos líderes dos programas Starting Grants e Consolidar, por un importe total de oitocentos vinte mil euros (820.000 euros).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a validación do expediente de gasto xerado pola execución de traballos por determinadas entidades nas cualificadas como zonas C, en xaneiro e febreiro de 2012, por un importe de cento dezanove mil seis centos noventa e oito euros con trinta e catro céntimos (119.698,34 euros).
- Acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do proxecto: Liña de media tensión a 20 KV para a evacuación dos parques eólicos singulares do Barbanza, polo que cualifica o monte veciñal en man común Balteiro, Folgoso e Río Portas e outros, pertencente á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Oleiros, no concello de Ribeira (A Coruña), promovido pola Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía e Industria. Superficie total de afección: 26.692 m².

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de salvamento marítimo de Galicia, prestado mediante helicópteros, que se transfiren da Administración ao contratista por un importe total de trinta millóns setecentos cincuenta e oito mil setecentos noventa e sete euros (30.758.797,00 euros), ao abeiro do sinalado no artigo 45 da Lei 11/2011, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012.

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre o acordo establecido con Pemex para actuacións no sector naval galego e infraestruturas portuarias.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o concurso de traslados de FEAS do Servizo Galego de Saúde.

A PRIMEIRA LEI DE IMPULSO E ORDENACIÓN DAS TELECOMUNICACIÓNS DE GALICIA INICIA O SEU TRÁMITE PARLAMENTARIO

- ***A norma, que conta xa co informe preceptivo do CES, facilitará e axilizará o despregamento destas infraestruturas en todo o territorio***
- ***Fixa un marco de coordinación entre os diferentes axentes públicos e privados implicados evitando que se dupliquen esforzos e investimentos***
- ***Establece os criterios que deberán seguir os concellos e a Xunta de Galicia neste ámbito e converter os servizos de telecomunicacións nun elemento máis da planificación urbanística***
- ***Obriga os operadores a compartir as súas infraestruturas para o despregamento de redes de telecomunicacións, cando sexa preciso***
- ***Exixe a inclusión dos elementos necesarios para o desenvolvemento do Fogar Dixital en vivendas de nova construción, facilitando o acceso a novos servizos sociosanitarios, de entretemento, eficiencia enerxética na casa***
- ***Regula a previsión nos edificios públicos autonómicos do equipamento necesario para os servizos de telecomunicacións evitando os custos de actuacións posteriores***
- ***Os proxectos de obra pública como estradas recollerán as canalizacións necesarias para despregar este tipo de redes***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de Lei de impulso e ordenación das infraestruturas e telecomunicacións de Galicia, tras recibir o informe preceptivo do Consello Económico e Social. A norma, a primeira coa que contará Galicia neste ámbito, ten como obxectivo axilizar e facilitar o despregamento ordenado de infraestruturas de telecomunicacións en todo o territorio dun xeito homoxéneo, harmónico e respectuoso co ambiente, a paisaxe e o patrimonio cultural.

A lei, que será remitida ao Parlamento de Galicia, resolve a ausencia ata agora dun marco de coordinación entre os diferentes axentes públicos e privados implicados nos despregamentos de infraestruturas de telecomunicacións e evitar que se dupliquen esforzos e investimentos. Esta necesidade faise máis evidente nun momento en que se están a executar as actuacións dos operadores no marco do Plan de Banda Larga e a incrementar rapidamente a demanda de redes móbiles e de nova xeración.

Con esta lei Galicia complementa, no ámbito das súas competencias, a estratexia estatal en materia de telecomunicacións para fomentar o investimento dos operadores e o despregamento de infraestruturas.

Coordinar axentes públicos e privados

Unha das principais medidas recollidas na presente lei é o desenvolvemento dun Plan de ordenación das infraestruturas de telecomunicación de Galicia que permitirá establecer os criterios que deberán seguir os concellos e a Xunta de Galicia na planificación do

territorio e converter os servizos de telecomunicacións nun elemento máis de planificación urbanística de modo similar á luz e á auga.

Ademais, a norma obrigará, cando sexa preciso, os operadores a compartir as súas infraestruturas para o despregamento de redes de telecomunicación, o que contribuirá a unha implantación ordenada e eficiente das infraestruturas e ao fomento da competencia.

A lei obrigará tamén os operadores de telecomunicación e os concellos a remitir periódicamente información sobre os seus plans de despregamento executados e previstos. Con esta información desenvolverase o mapa de infraestruturas de telecomunicación de Galicia, que evitará superposición de iniciativas e permitirá establecer plans de despregamento coordinados e que terán como base as necesidades reais existentes en Galicia.

Obras, edificios públicos e vivendas

Por outra banda, a norma regula a previsión de infraestruturas de telecomunicación nos novos edificios públicos autonómicos así como a interconexión destes ás redes públicas electrónicas existentes. Isto garantirá o acceso aos servizos de telecomunicación de todos os centros públicos e reducirá o custo que suporía implantar solucións con posterioridade.

Ademais, promoverase a inclusión de infraestruturas de telecomunicación en proxectos de obra pública (estradas, redes de abastecemento de auga, etc.) de xeito que, en paralelo á realización destas obras, se dispoñan canalizacións e os espazos que poidan ser empregados por operadores públicos e privados.

No que respecta á implantación dos novos servizos das TIC nos fogares, obrigárase a incluír as infraestruturas de soporte necesarias para o desenvolvemento do fogar dixital en vivendas de nova construción. Esta medida facilitará a introdución nos fogares galegos de novos servizos sociosanitarios, unha mellor eficiencia enerxética, unha maior seguridade, servizos de teleasistencia, etc., o que comportará unha mellora na calidade de vida do cidadán e un achegamento aos servizos públicos, do mesmo xeito que suporá un importante impulso do sector tecnolóxico de Galicia.

Ambiente e Rede de Emerxencias

A importancia de asegurar o máximo respecto nos ámbitos protexidos verase reflectida co establecemento de normas de protección ambiental e cultural que permitan levar a cabo despregamentos en zonas de especial protección, garantindo o máximo respecto ao contorno.

Establécese a obriga de que a futura Rede Dixital de Seguridade e Emerxencias da Xunta de Galicia sexa de uso obrigatorio por todos os organismos autonómicos que o precisen. Esta rede permitirá optimizar os custos fronte á situación actual.

Por último, a lei recolle a creación dun Consello Asesor para as Telecomunicacións e o Desenvolvemento Dixital de Galicia, coa conseguinte desaparición do actual Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia, que se configurará como un órgano de estudo, asesoramento e apoio ao Goberno da Xunta de Galicia na definición e execución das políticas de telecomunicacións.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CAMBIO DE TITULARIDADE DE DOUS TREITOS DA ESTRADA NEGREIRA-PONTE FAÍLDE (AC-444) A PROL DO CONCELLO DA BAÑA

- ***Estes tramos, que suman un total de 2.860 metros, conforman rúas nos núcleos de Nantón e San Vicenzo da Baña, con beirarrúas en todo o seu percorrido, edificacións e servizo urbano***
- ***A entrega completárase no prazo dos dous meses seguintes ao día da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia***
- ***A partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía correspóndenlle á Administración municipal***


O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o cambio de titularidade de dous treitos sobrantes da estrada que une Negreira e Ponte Faílde (AC-444), os cales se atopan no núcleo de Nantón (Pq:3+400-Pq:4+070) e na zona urbana de San Vicenzo da Baña (Pq:6+030 ao Pq:7+220). Estes tramos, que suman un total de 2.860 metros, conforman rúas nos ditos núcleos con beirarrúas en todo o seu percorrido, edificacións e servizo urbano.

O Concello da Baña solicitou á Consellería de Medio Ambiente o cambio dos ditos tramos, actualmente de titularidade autonómica. Con isto, a Dirección Xeral de Infraestruturas, de acordo co informe emitido polos servizos técnicos competentes, formulou unha proposta favorable á transferencia. Cómpre sinalar que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades locais.

A entrega das vías formalizarase, no prazo dos dous meses seguintes ao día da publicación do decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), mediante a sinatura da acta de entrega. Neste sentido, o Concello da Baña deberá incorporar ao seu plan de estradas a citada vía

Correspóndelle ao concello, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que poida corresponderlle como nova Administración titular da estrada.

No seguinte plano amósanse os treitos obxecto do cambio de titularidade:



APROBADO O DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE E REGULA O SISTEMA DE INFORMACIÓN SOBRE O CONSUMO DE BEBIDAS ALCOHÓLICAS POR PARTE DOS MENORES

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe aprobou un decreto que regula o sistema de Información previsto na Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.

Este sistema de información sobre o consumo de bebidas alcohólicas terá como finalidades: solicitar, procesar, analizar e difundir información sobre os factores de risco e protectores, sobre a incidencia e prevalencia do consumo de bebidas alcohólicas en menores, e, ademais, sobre as actuacións en materia de prevención e sobre os centros e programas dispoñibles.

Outra das finalidades do sistema de información é servir para a definición daqueles indicadores que permitan a avaliación continuada das iniciativas e programas emprendidos en relación coa prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores, tendo en conta as recomendacións internacionais.

Ademais, o sistema de información definirá e recollerá aquela información que permita coñecer, estudar e avaliar a situación epidemiolóxica do consumo de bebidas alcohólicas por menores, e os progresos e avances na consecución dos obxectivos marcados pola Lei de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.

Así mesmo, o sistema de información facilitará o intercambio de información relevante para a toma de decisións entre as distintas organizacións implicadas no desenvolvemento e aplicación da antedita lei.

O sistema de información sobre o consumo de bebidas alcohólicas en menores artellarase sobre os principios de accesibilidade, dispoñibilidade, calidade da información, protección de datos persoais e avaliación continua.

Este sistema recollerá información, entre outros, sobre factores condicionantes, de risco ou protectores para o consumo de bebidas alcohólicas por parte dos menores (sociodemográficos, educativos ou económicos); prevalencia, incidencia, cambios nos patróns de consumo e outros indicadores relevantes do consumo ou da demanda; actividade clínico-asistencial e dispoñibilidade de recursos sanitarios relacionada co consumo de bebidas alcohólicas por parte dos menores; dispoñibilidade e cobertura dos programas, actuacións e medidas preventivas previstas na lei; actividade sancionadora das distintas administracións implicadas, así como a aplicación das substitucións das sancións impostas por infraccións da citada lei, etc.

A información contida no sistema de información obterase dos sistemas de información sanitarios existentes.

Cómpre sinalar, por último, que o acceso á información contida no sistema se destinará ás finalidades previstas na Lei de prevención e consumo de alcohólicas en menores de idade, e en ningún caso conterá datos de carácter persoal nin información sobre as persoas nin institucións que os facilitasen.

A AXEGA COLABORA COA CRUZ VERMELLA PARA OPTIMIZAR A XESTIÓN DAS EMERXENCIAS E MELLORAR A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS

- *Ambos os entes asinarán un acordo para axilizar o intercambio de información establecendo procedementos de comunicación bilateral, información recíproca e protocolos de actuación*
- *Trátase de mellorar a prestación de servizos, en especial nas situacións de emerxencias que requiran medidas especiais*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá un acordo de colaboración entre a Axencia Galega de Emerxencias (Axega) e a Cruz Vermella española sobre comunicación bilateral, información recíproca e elaboración de protocolos de actuación conxunta en materia de emerxencias e protección cidadá.

As actuacións recollidas no acordo teñen por obxecto mellorar a prestación de servizos que tanto a Axega coma a Cruz Vermella teñen encomendadas, e en especial o intercambio de información e a optimización de tempos e recursos naquelas situacións de emerxencia que requiran a adopción de medidas especiais de protección para a poboación, mediante os correspondentes procedementos de activación de plans de protección civil e de coordinación entre ambos os entes.

A Axega fará uso dos recursos de asistencia de que dispón a Cruz Vermella en Galicia para apoiar os servizos esenciais que interveñen nos plans de protección civil, así como naquelas situacións que precisen de evacuación, albergue, asistencia sanitaria, asistencia psicosocial ou confinamento da poboación no territorio da Comunidade Autónoma galega.

A Cruz Vermella porá en coñecemento do CAE 112 Galicia, coa máxima prioridade posible, todos os incidentes e emerxencias que requiran a adopción de medidas especiais para a poboación, e que poidan precisar da intervención dos recursos de asistencia de que dispón a Cruz Vermella.

Para unha maior coordinación en caso de emerxencia, a Cruz Vermella facilitará á Axega información actualizada do catálogo de medios e recursos efectivamente mobilizables en caso de emerxencia dos cales dispón.

O 112 Galicia informará coa máxima prioridade a Cruz Vermella das situacións de emerxencia que requiran a adopción de medidas especiais para a poboación, e que poidan precisar da participación dos recursos de asistencia de que dispón a Cruz Vermella para apoiar os servizos esenciais de atención sanitaria, seguridade cidadá, protección civil, extinción de incendios e salvamento.

Do mesmo xeito, o 112 enviara á Cruz Vermella os informes de predición meteorolóxica adversa elaborados pola Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET), e Meteogalicia, así como as alertas que se declaren no territorio galego.

No suposto de emerxencias que pola súa especial extensión ou intensidade sexan particularmente graves, a Cruz Vermella porá os medios humanos e materiais necesarios para solventar as incidencias que se produzan dentro do seu ámbito de actuación. Así mesmo, a Cruz Vermella poderá formar parte do operativo que se constitúa para facer fronte a este tipo de emerxencias na sala de crise do CAE 112.

A XUNTA FAVORECERÁ A AXILIDADE NA ORDENACIÓN DO CONTORNO DA ZONA HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA COA TRANSFERENCIA DA COMPETENCIA DE AUTORIZACIÓN DE LICENZAS AO CONCELLO

- ***O Consello da Xunta autoriza a constitución dunha comisión mixta para a delegación da competencia para aprobar proxectos no denominado 'perímetro azul' da cidade***
- ***Deste xeito, a documentación non terá que pasar a autorización previa da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, trámite que alongaba o proceso***
- ***O Concello conta cunha ampla experiencia nunha ordenación respectuosa coa protección do patrimonio cultural***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a constitución da Comisión Mixta para o estudo e fixación dos termos de delegación de competencias da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural no Concello de Santiago de Compostela relativas á autorización de proxectos no denominado perímetro azul do concello. Deste xeito, o Goberno galego favorece a axilidade na ordenación do contorno da zona histórica da capital de Galicia, dando resposta á solicitude do Concello, que pediu a dita competencia.

Ata o momento, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria era a encargada de autorizar as licenzas, logo de informe do Comité Asesor do Camiño de Santiago. Con todo, cómpre sinalar que, de conformidade coa Lei de patrimonio histórico español de 1985 e coa Lei de patrimonio cultural de Galicia de 1995, dentro dese ámbito da cidade o concello ten a competencia de outorgar licenzas urbanísticas sen precisar dunha resolución favorable previa da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, malia que este procedemento non se ten desenvolvido ata o momento.

Coa delegación da competencia para a que se constitúe esta comisión mellorarase a eficacia, xa que non será preciso enviar á Xunta a documentación para outorgar as licenzas de obras, o que redundará nunha maior axilidade dos trámites. Deste xeito favorécese unha mellora na xestión pública, así como os traballos de mantemento e conservación desta zona da cidade. Así, elimínase burocracia e achégase a Administración á cidadanía, ao tempo que se manteñen os estándares de rigor, eficacia e calidade.

Cómpre sinalar, ademais, que se ten comprobado que o planeamento urbanístico do Concello de Santiago establece unha ordenación respectuosa coa protección do patrimonio cultural, e conte cunha ampla experiencia na súa aplicación, que mesmo ten obtido recoñecementos institucionais importantes. Deste xeito, queda de manifesto a capacidade do Concello de asumir as autorizacións con todas as garantías de rigor e eficacia.

A Comisión

O Consello da Xunta aprobou que a Comisión Mixta estea integrada por tres representantes da Comunidade Autónoma e tres da entidade local receptora da delegación. Por parte do Goberno galego formarán parte dela o director xeral de Administración Local e presidente da Comisión, Norberto Uzal; o director de Patrimonio Cultural, José Manuel Rey Pichel; e a secretaria Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, María Socorro Martín Hierro.

A devandita comisión terá como obxectivo o estudo e a fixación dos termos de delegación de competencias da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural no Concello de Santiago de Compostela relativas á autorización de proxectos no denominado perímetro azul do concello, que comprende as rúas converxentes no campo das Hortas (Cruceiro do Gaio, arranque da rúa de San Lourenzo, Pombal), As Hortas, estrada de Santa Comba, e o contorno da igrexa e convento de San Francisco ata a Horta de Simeón e a estrada de Santa Comba. Así mesmo intégrase neste perímetro o ámbito definido pola delimitación da primeira fase do polígono de Vite, centrado na cornixa xerada pola apertura da avenida de Xoán XXIII e a estrada da Coruña; o de envoltura do perímetro morado - outro dos tres sectores da cidade- , incluíndo o monte da Almáciga e A Trisca ata o muro do convento de Belvís; e o de arroupamento do eixe Patio de Madres, Castrón Douro, rúa e campo do Sar, incluíndo Os Pexigos. Ademais, o perímetro azul está conformado polo recrecemento do bordo histórico do Ensanche desde a rúa Curros Enríquez polo eixe de Santiago Guayaquil, República de Salvador, Praza Roxa, ata enlazar coa intersección da avenida da Coruña coa avenida Rosalía de Castro.

A XUNTA LICITARÁ NOS VINDEIROS DÍAS A MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO DE CUNTIS, NA QUE SE INVESTIRÁN 1,3 MILLÓNS DE EUROS DENTRO DO PLAN DE XESTIÓN DO RÍO UMIA

- *A actuación será executada neste concello pontevedrés pola Consellería de Medio Ambiente a través de Augas de Galicia*
- *O proxecto foi declarado de interese para a Comunidade Autónoma de Galicia por parte do Consello da Xunta de Galicia en agosto do ano pasado*
- *O obxectivo é desenvolver un conxunto de actuacións sobre a rede de colectores que permitan corrixir os problemas detectados na súa EDAR, eliminando verteduras e controlando os nutrientes que chegan ao encoro da Baxe*
- *Esta actuación forma parte do Plan de Xestión Integral para a bacía do río Umia, que supón un investimento estimado de 22 millóns de euros, para levar a cabo ata o vindeiro 2015*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a aprobación definitiva do proxecto e execución das obras de mellora da rede de saneamento en Cuntis. En total, a actuación contará cun orzamento de 1,3 millóns de euros, que executará a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a través de Augas de Galicia. Tras a aprobación polo Consello da Xunta, as obras poderán licitarse nos vindeiros días.

O proxecto comprende a execución das obras necesarias para mellorar os problemas da rede de saneamento de Cuntis e permite optimizar o funcionamento da EDAR, eliminando vertidos incontrolados e controlando a cantidade de nutrientes que chegan ao encoro da Baxe.

Na planificación de Augas de Galicia, a obra é considerada de carácter hidráulico primordial, polo que o proxecto tamén foi declarado de interese para a Comunidade Autónoma de Galicia por parte do Consello da Xunta en agosto do ano pasado.

O proxecto de mellora da rede de saneamento de Cuntis está integrado no Plan Umia. O obxectivo principal é desenvolver un conxunto de actuacións sobre a rede de colectores do concello que permitan corrixir os problemas detectados na súa EDAR. Deste xeito, recolle actuacións en diversas zonas reducindo as infiltracións á rede, mellorando a xestión das augas pluviais, reducindo as descargas directas da rede ao río Gallo e optimizando o tratamento de augas na EDAR cun novo depósito de retención e bombeo.

Para iso instalaranse novas conducións, repararanse outras, executarase un pozo de bombeo e tamén se instalará un depósito de condución e regulación na cabeceira da EDAR cun volume de regulación total do sistema que ascenderá a 385 m³. Na zona de Calvos, en concreto, instalarase un bombeo compacto prefabricado constituído por úas

bombas trituradoras somerxibles e unha impulsión en encanamento de polietileno de alta densidade con 75 mm de diámetro e unha lonxitude de case 300 m.

Declaración de interese autonómico

O Consello do 4 de agosto de 2011 aprobou a proposta de declaración de interese da Comunidade Autónoma de Galicia da obra hidráulica de mellora da rede de saneamento da localidade pontevedresa de Cuntis. A declaración de interese xeral da Comunidade Autónoma é unha figura recollida na nova Lei de augas e permitirá axilizar os prazos de execución destas actuacións de mellora.

A rede de Cuntis é un sistema complexo, cun funcionamento deficiente debido principalmente a dous factores, como a infiltración de auga de cursos fluviais e nivel freático (tempo seco e choivas) e, en tempo de choivas, incorpora un importante caudal de pluviais, xa que o funcionamento global da rede é unitario, a pesar de dispoñer de dobre tubo en moitos tramos. Esta actuación é moi importante para a poboación da zona, que se incrementa en épocas estivais.

Plan Umia

A actuación de Cuntis forma parte do Plan de xestión integral para a bacía do río Umia, que supón un investimento estimado de 22 millóns de euros, para levar a cabo ata o vindeiro 2015. O Plan Umia presentouse na primavera de 2011 froito do firme compromiso da Administración galega coa consecución dunha solución ao problema da eutrofización do encoro da Baxe.

Para elaborar este documento levouse a cabo un estudo en profundidade da bacía do río Umia vertente ao mencionado encoro da Baxe, situado entre oito concellos: Cuntis, A Estrada, Forcarei, Moraña, Campo Lameiro, Caldas de Reis, Cerdedo e Silleda, aínda que estes tres últimos nunha extensión moi reducida. En total, estímase unha poboación beneficiada de máis de 9.000 habitantes no contorno da bacía.

Desde a presentación deste plan non se perdeu tempo na aplicación e Augas de Galicia xa puxo en marcha as actuacións máis urxentes que buscan atenuar a proliferación anual das cianobacterias no encoro.

A XUNTA APROBA O PARQUE EÓLICO CORDAL DE MONTOUTO EN ARANGA E GUITIRIZ QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE PRETO DE 16 MILLÓNS NA ZONA

- ***O Consello da Xunta autorizou un novo parque cunha potencia de 14 MW, que achegará 13.800 euros de canon***
- ***A lei coa que a Consellería que dirixe Javier Guerra creou o canon fixo posible a recadación de 70 millóns para financiar as necesidades dos concellos galegos, de xeito que xa beneficiou máis de 200 municipios***
- ***Na lexislatura, Economía e Industria outorgou autorizacións administrativas para 404,90 MW, correspondentes a 35 parques***

O Consello da Xunta aprobou definitivamente o parque eólico Cordal de Montouto como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, que se desenvolverá entre os concellos de Aranga (A Coruña) e Guitiriz (Lugo). Este proxecto suporá un investimento estimado de preto de 16 millón euros para un parque cunha potencia de 14 megawatios e unha produción anual de enerxía de 33.600 MW/h.

Deste xeito, a Consellería de Economía e Industria continúa a desenvolver a aposta da Xunta polo liderado do sector eólico galego, na que ademais de pór en marcha o maior concurso eólico de Galicia por 2.325 megawatios, nesta lexislatura tamén outorgou autorizacións administrativas para 404,90 MW, correspondentes a 35 parques eólicos.

En concreto, a aprobación pola Xunta do proxecto sectorial do Parque Eólico Cordal de Montouto permitirá a implantación dunha nova instalación de produción de enerxía a partir de fontes renovables, como é a enerxía eólica, o que supón un novo avance no desenvolvemento deste tipo de enerxías e un paso máis na redución da dependencia doutras fontes de enerxía máis contaminantes.

No que se refire ao eido local, a implantación deste proxecto supón unha importante achega ao financiamento dos concellos a través do Fondo de compensación ambiental, financiado cos ingresos obtidos do canon eólico, que no caso do parque eólico Cordal de Montouto ascenderá a 13.800 euros.

Coa lei da Consellería de Economía e Industria que regulou o aproveitamento da enerxía eólica en Galicia e estableceu a creación do canon, foi posible a recadación de 70 millóns de euros para financiar e favorecer as necesidades dos concellos galegos, por ser a Administración máis próxima aos galegos. Neste sentido, o canon representa unha importante fonte de ingresos para os concellos, ao proporcionar apoios que xa beneficiaron máis de 200 municipios galegos.

CULTURA E EDUCACIÓN RECOÑECE A INVESTIGACIÓN DE EXCELENCIA CON AXUDAS AOS INVESTIGADORES GALEGOS DOS PRESTIXIOSOS PROGRAMAS STARTING GRANTS E CONSOLIDER

- ***Deste xeito o departamento educativo da Xunta de Galicia premia os investigadores máis destacados na captura de fondos públicos de programas nacionais e europeos***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria implementou un novo programa co cal pretende impulsar a presenza de investigadores galegos nos programas de excelencia do European Research Council (RC) e nos programas nacionais máis competitivos, despois de que o Consello da Xunta dese hoxe o visto e praxe á concesión de axudas aos líderes dos programas Starting Grants e CONSOLIDER. Con este impulso aos investigadores galegos de equipos de investigación universitaria de máxima calidade, o departamento educativo da Xunta de Galicia reafirma o seu compromiso coa construción dunha sociedade galega do futuro asentada sobre as bases do coñecemento e facendo ao mesmo tempo unha forte aposta polo prestixio do Sistema Galego de Universidades.

Así, achegará un total de 820.000 euros para estas axudas ata o ano 2014. Cómpre lembrar que a concesión das axudas de Starting Grants a cinco investigadores galegos, e as de CONSOLIDER a un proxecto do SUG constitúen un gran logro para o sistema universitario galego, xa que se trata de dous programas moi prestixiosos, símbolos da investigación de calidade e recoñecidos internacionalmente.

Beneficiarios

O Programa Starting Grants apoia os investigadores prometedores que amosan un gran potencial para desenvolver investigación de vangarda en Europa. Os beneficiarios destas axudas serán Carlos Salgado López, Miguel López Pérez, Rubén Nogueiras Pozo e Francisco Rivadulla Fernández da USC, e David Posada González da UVIGO, investigadores aos que o Consello Europeo de Investigación (ERC) concedeu axudas ao abeiro do Programa Starting Grants. Este programa está destinado a axudar á creación de grupos de investigación independentes ou a consolidar grupos incipientes cuxa actividade investigadora estea na fronteira do coñecemento en calquera temática e amose unha traxectoria prometedora, polo que se trata dun programa moi competitivo.

Por outra banda, ao abeiro do Programa CONSOLIDER-INGENIO 2010, o grupo do profesor Juan M. Lema Rodicio da USC acadou financiamento para o proxecto CONSOLIDER NOVEDAR, o único proxecto CONSOLIDER liderado por un grupo de investigación do SUG. O programa consiste nun conxunto de accións de fomento e consolidación da I+D, dirixidas a equipos de investigación españois de máxima calidade e recoñecemento internacional.

En ambos os casos as universidades poderán destinar o importe da axuda á contratación de persoal investigador ou auxiliar para o grupo, á compra de pequeno equipamento e material funxible, custos de mantemento derivados de materiais, subministracións, instrumental ou material bibliográfico e adhesión a sociedades científicas.

Ademais as axudas poderán destinarse á formación dos membros do grupo relacionada coa actividade obxecto da axuda, á organización de actividades de difusión e á posta en marcha de ferramentas de xestión do coñecemento e a información, tales como aplicacións informáticas, bases de datos, etc.

A XUNTA AUTORIZA OS PAGAMENTOS CORRESPONDENTES ÁS TAREFAS DE REXENERACIÓN DE ZONAS C DA CONFRARÍA DE BARALLOBRE

O Consello da Xunta autorizou hoxe os pagamentos correspondentes aos traballos de rexeneración de zonas catalogadas como C dos meses de xaneiro e febreiro de 2012 da confraría de Barallobre. Con esta autorización, a Consellería do Medio Rural e do Mar realizou a validación de gasto de todos os pagamentos pendentes coas confrarías.

A cantidade que se vai remitir ao pósito polos labores de rexeneración das zonas C é de preto de 120.000 euros. Estes traballos desenvolvíanse para compensar os mariscadores por non poderen traballar nesas zonas. Precisamente, para recuperar a actividade marisqueira habitual sen ter que depender de subvencións, o departamento que dirixe Rosa Quintana puxo en marcha a comezos de ano o Plan de reinstalación de moluscos procedentes de zona C. Con este sistema de depuración natural, a Xunta busca que estes traballadores pasen a depender dos ingresos da súa actividade, como o resto dos mariscadores de Galicia.

Así, as tres bateas instaladas na actualidade – 2 en Ferrol e 1 en Aldán- depuran naturalmente a ameixa procedente de zonas das que non estaba permitida a súa extracción, para poder comercializarse en fresco con todas as garantías. Antes da posta no mercado, o Intecmar realiza análises deste marisco para comprobar que está nunhas condicións óptimas para o consumo.

A Consellería do Medio Rural e do Mar considera que o sistema de reinstalación permitirá recuperar en Galicia unha produción dunhas 450 toneladas anuais máis de moluscos bivalvos que xerarían arredor de 6 millóns de euros de valor no mercado.

A XUNTA APROBOU A PREVALENCIA DA UTILIDADE PÚBLICA DO PROXECTO DE LIÑA DE MEDIA TENSIÓN PARA A EVACUACIÓN DOS PARQUES EÓLICOS SINGULARES DO BARBANZA

- ***O acordo do Consello da Xunta comprende terreos do Monte Veciñal en Man Común Balteiro, Folgoso e Río Portas e outros, pertencente á comunidade de Oleiros, no concello coruñés de Ribeira***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do proxecto de liña de media tensión a 20 KV para a evacuación dos parques eólicos singulares do Barbanza sobre a que cualifica o monte veciñal en man común Balteiro, Folgoso e Río Portas e outros, pertencente á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Oleiros, no concello coruñés de Ribeira. A superficie total de afección é de 26.692 metros cadrados.

Esta liña de media tensión contribuirá á mellora do subministración eléctrica nos concellos de Ribeira, Porto do Son e A Pobra do Caramiñal.

Tras a autorización do proxecto por parte da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria na Coruña, o Servizo de Montes desta mesma provincia remitiu informe favorable logo de constatar que o estado da masa forestal e a súa calidade produtiva, así como o estado físico e ecolóxico dos terreos, terían unha escasa afección por este proxecto.

Á vista de toda a documentación do expediente, a Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes da Consellería do Medio Rural e do Mar propuxo emitir informe favorable desta prevalencia en virtude do artigo 6 do Regulamento da Lei de montes veciñais en man común.

A XUNTA AFORRARÁ ARREDOR DE 13 MILLÓNS DE EUROS GRAZAS AO NOVO SISTEMA DE CONTRATACIÓN DOS HELICÓPTEROS DO SERVIZO DE GARDACOSTAS

- ***A Consellería do Medio Rural e do Mar considera que esta fórmula axilizará o servizo, gañando así en eficacia e eficiencia e aforrando anualmente 2,7 millóns de euros***
- ***Este sistema permitirá que, transcorridos 5 anos, a Xunta poida contratar para o servizo de rescate uns helicópteros máis modernos e avanzados***
- ***O novo sistema contractual permite manter a calidade do servizo garantindo a cobertura no litoral galego os 365 días do ano as 24 horas***

O Consello da Xunta deu luz verde ao novo sistema de contratación dos helicópteros da Consellería do Medio Rural e do Mar adscritos ao Servizo de Gardacostas de Galicia - Pesca I e Pesca II- a través do cal aforrará arredor de 13 millóns de euros en 5 anos. A empresa adxudicataria do contrato deberá prestar o servizo de salvamento mariño, loita contra a contaminación e vixilancia pesqueira nestas dúas aeronaves (modelo Sikorsky S-76) por unha cantidade sensiblemente inferior á debida nos anos anteriores e pasará a converterse na súa propietaria e adquirirá, como responsable, todas as obrigas derivadas do seu mantemento.

O importe total deste contrato mixto é de 30,7 millóns de euros por cinco anos e formalizarase a través dun novo concurso público para o mantemento dos helicópteros. A empresa que resulte adxudicataria prestará o servizo de salvamento nas mesmas condicións que ata o de agora, coa obriga non só de utilizar os helicópteros senón de adquirir estes con pagamento diferido durante o contrato. Este sistema permitirá que, transcorridos os 5 anos, a Xunta poida exixir no novo contrato o emprego dunhas aeronaves máis modernas e avanzadas.

A Xunta viña pagando 7,5 millóns de euros anuais á empresa adxudicataria do anterior contrato pola prestación do servizo de rescate e o mantemento das aeronaves. Coa entrada en vigor deste contrato, a Consellería aforrará uns 2,7 millóns de euros anuais, manterá a calidade do servizo e garantirá a cobertura no litoral galego os 365 días do ano as 24 horas do día deixándoo perfectamente protexido.

A XUNTA DE GALICIA E A PETROLEIRA MEXICANA PEMEX ACADAN UNHA ALIANZA ESTRATÉXICA PARA O IMPULSO DO SECTOR NAVAL GALEGO E DAS INFRAESTRUTURAS PORTUARIAS

- ***O acordo contempla a construción de 14 remolcadores, a metade dos cales se farán integramente en estaleiros galegos e a outra metade en colaboración entre Galicia e o sector naval mexicano***
- ***Pemex plantexa a posibilidade de o Porto Exterior da Coruña sexa a base loxística das súas operacións en Europa***

O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe sobre o acordo establecido entre a Xunta de Galicia e a petroleira mexicana Pemex para actuacións no sector naval galego e infraestruturas portuarias. Trátase dunha alianza estratéxica que se concreta en tres compromisos que atinxen ó sector naval galego por unha banda, e, á posibilidade de adquirir un flotel, así como, a posibilidade de utilizar o Porto Exterior de Punta Langosteira como base loxística das operacións de Pemex en Europa.

No que se refire ao sector naval, o acordo contempla a construción de 14 remolcadores, dos cales a metade se farán integramente en estaleiros galegos e a outra metade en colaboración entre o sector naval galego e o sector naval mexicano, así como a posibilidade de adquirir un flotel.

No que atinxe ao eido portuario, o informe elevado ao Consello da Xunta recolle a posibilidade de Pemex porque o Porto Exterior da Coruña poida ser base das súas operacións loxísticas en Europa.

Esta alianza estratéxica suporá un importante pulo para o sector naval galego, así como para o futuro portuario da comunidade e, por extensión, para o conxunto da actividade económica do país.

Cómpre salientar que o Goberno da Xunta ven mantendo, desde hai meses, diversos contactos con responsables de Pemex, que recoñece o potencial naval galego e a grande capacidade de produción, de recursos e de coñecementos tecnolóxicos cos que conta Galicia neste campo.

O SERGAS CONVOCA UN NOVO CONCURSO DE TRASLADOS PARA A COBERTURA DE 221 PRAZAS DE FACULTATIVO ESPECIALISTA DE ÁREA E MÉDICO DE URXENCIAS HOSPITALARIAS

Coa finalidade de garantir o dereito á mobilidade voluntaria do persoal estatutario, o Servizo Galego de Saúde convoca un novo concurso de traslados para a cobertura de 221 prazas básicas de facultativo especialista de área e médico de urxencias hospitalarias, que, na actualidade, se atopan ocupadas por persoal estatutario temporal. A tal efecto, o Consello da Xunta reunido no día de hoxe vén de abordar un informe da Consellería de Sanidade referido a esta materia.

Por primeira vez, e de conformidade coa previsión contida no Plan de Ordenación de Recursos Humanos do Sergas, recentemente publicado, o concurso de traslados será previo á convocatoria dos respectivos procesos selectivos, iniciándose con el un novo proceso de selección e provisión de prazas de persoal licenciado sanitario dentro do organismo, que será seguido da convocatoria en breve dunha nova oferta de emprego público para a cobertura de prazas das indicadas categorías.

Modernización do proceso

O novo concurso de traslados incorpora diversas novidades entre as que cabe destacar a mellora e modernización do proceso coa incorporación dos medios electrónicos e telemáticos ás diversas fases de tramitación (*FIDES/expedient-e electrónico*), o que facilitará a participación dos profesionais reducindo a documentación a achegar xunto coa solicitude, e poñendo á súa disposición as novas tecnoloxías para a formalización da súa participación e o rexistro de méritos.

Estas melloras electrónicas incorporadas polo departamento que dirixe Rocío Mosquera redundarán, así mesmo, nunha simplificación da tramitación administrativa do proceso e permitirán dotalo de maior transparencia coa automatización da fase de baremación.

Así, por primeira vez, as solicitudes de participación no procedemento formalizaranse electronicamente a través de *Fides/expedient-e*, punto de encontro telemático entre o Servizo Galego de Saúde e os profesionais que participen nos procesos de selección e provisión de prazas convocados por este organismo.

Ademais, o persoal do Sergas que participe no concurso non terá que rexistrar electronicamente no formulario de inscrición a información relativa aos requisitos de participación, -que aparecerá cumprimentada na solicitude- nin terá que achegar ningunha documentación acreditativa do cumprimento de tales requisitos, agás que participe desde a situación de excedencia por prestación de servizos no sector público.

No apartado de méritos, as persoas concursantes rexistrarán no seu expediente electrónico, a través de FIDES (Oficina virtual do profesional), aqueles que desexen achegar e que serán validados por unha das unidades constituídas ao efecto no ámbito do Servizo Galego de Saúde, sen que teñan que acreditar documentalmente, de novo, ningún mérito que xa conste validado no seu expediente electrónico. Os novos méritos que se acheguen pasarán a conformar e completar o seu expediente electrónico persoal e serán tidos en conta nos sucesivos procesos de selección e provisión de prazas que convoque o Sergas.

Asemade, e como medida a destacar neste ámbito, simplifícase o procedemento de acreditación da actividade científica dos profesionais sanitarios coa captura automática da información das publicacións que consten indexadas na base de datos de Medline.

Outras novidades

A segunda liña das melloras incorporadas polo Sergas a este proceso fai referencia a que, por primeira vez, desenvólvese un procedemento de acreditación do requisito da capacidade funcional. Así, o profesional que declare na solicitude ter recoñecida unha discapacidade ou adaptado o posto ou condicións de traballo da praza de orixe por razón de protección da saúde, será valorado por unha comisión técnica especializada, que resolverá sobre a procedencia da adaptación e a compatibilidade co desempeño do posto solicitado. En todos os demais supostos o profesional deberá reunir a capacidade funcional necesaria para atender as funcións propias do posto ao que concursa con suxeición ao réxime organizativo da prestación laboral que este teña asignado.

Ademáis, a nova proposta de baremo é máis rigorosa na asignación da puntuación correspondente ao apartado de actividade científica, valorando unicamente as publicacións que reúnan unha serie de atributos ou estándares mínimos que dean conta da súa calidade e do esforzo e dedicación do profesional. Deste xeito, valoraranse as publicacións de artigos orixinais en revistas científicas indexadas nas bases de datos máis destacadas do ámbito sanitario.

Para rematar coa serie de melloras incluídas neste proceso, o departamento que dirixe Rocío Mosquera favorecerá a conciliación da vida laboral e familiar das persoas concursantes, mediante a asignación dunha puntuación adicional nos supostos en que o destino solicitado polo profesional estea situado no mesmo concello onde teña o seu destino definitivo.